



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección -Rep. Sindical (1/7/10)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Producción Agosto - Setembro.- Incremento de 4.000 vehículos no B9. A previsión anual pasa a 388.000 unidades.

Sistema I.- Mantén a cadencia de 45 veh. hora, unha apertura ampla na Quenda de noite, con tres domingos. Tres sábados extras voluntarios nas quendas de día en Setembro e para Outubro está previsto un sábado e un domingo produtivos.

Sistema II.- Segue cunha cadencia de 45 veh. hora. Sábado 24 deste mes de xullo extra e dous mais en setembro.

Infórmasenos que, o 11 de Outubro disfrutárase de forma colectiva para toda a planta, con cargo o de día de permiso individual que temos no Convenio Colectivo.

Xsara Picasso.- Confirman o remate desta serie a finais de Novembro.

Previsións futuras.- Esperan unha baixada en Decembro, que en función das previsións do primeiro trimestre do 2011, se arbitrarían os mecanismos que socialmente fosen menos impactantes entre os cales estarían a mobilidade entre sistemas para evitar que os traballadores/as que teñen no seu haber maior número de días de bolsa non excedan o límite establecido.

Por parte da C.I.G. manifestamos que, tendo en conta que os nosos produtos xa levan anos no mercado, unido as políticas económicas dos Países Europeos, de reducir o déficit público para o vindeiros anos, é evidente que deberamos contar cun informe produtivo para o 2011. A Dirección resposta que, si ben xa traballan con datos, prefiren esperar a Setembro-Outubro para dar unha visión máis real.

Vigo-Mangualde.- Con respecto a noticia de que o Director desta Planta asumira a Dirección dos dous Centros, dicir que elo non implica cambios organizativos na estrutura da fábrica. Mangualde seguirá na súa función industrial complementaria a respecto da fábrica de Vigo.

Antes de finalizar o mes, están previstas varias reunións entre a Dirección e o Comité de Empresa.

Confederación Intersindical Galega